



Rfra.: 44 OXPC/2019

INFORME CONXUNTO DA INTERVENTORA TITULAR DO OXPC E  
DA INTERVENTORA XERAL

**ASUNTO:** CONCERTACIÓN DA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO PREVISTA NO ORZAMENTO DO  
CONCELLO DE 2019 POR IMPORTE DE 1.400.000,00.- EUROS, CON PREVIA APERTURA DE CRÉDITO.

**LEXISLACIÓN APLICABLE:**

- ❖ Artigos 48 a 55 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- ❖ Artigo 10 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE E 2014/24/UE, de 16 de febreiro de 2014. (LCSP)
- ❖ Resolución de 04 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e das entidades locais.
- ❖ Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira (LOEPSF).
- ❖ Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LOEPSF.
- ❖ Disposición final trixésima primeira da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2013.
- ❖ Artigo 4 do RD 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional (RFHN).
- ❖ Artigo 57 do Regulamento de Goberno e Administración do Concello de Pontevedra.



## **ANTECEDENTES:**

Mediante Decreto da Alcaldía de data 13 de maio de 2019 se ordena o inicio da tramitación do expediente para a concertación desta operación, encargando a este OXPC a confección dos pregos de cláusulas administrativas que rexerán este contrato de préstamo con previa apertura de crédito.

Co fin de dar cumprimento aos principios de publicidade e concorrência que deben rexer todas as actuacións da Administración, e unha vez analizadas e estudadas as novas condicións que se establecen para as operacións de endebedamento que se derivan da definición do principio de prudencia financeira pola Resolución da SXTePF do 04 de xullo de 2017, se incorporan os pregos redactados consonte a nova normativa aplicable.

## **INFORME:**

❖ No estado de ingresos do Orzamento Xeral para o exercicio 2019, e tal e como así se reflicte no Anexo de Investimentos, está previsto o financiamento de determinados proxectos de gasto con cargo a unha operación de préstamo a concertar durante o exercicio, por un importe de 1.400.000,00 euros; a finalidade do préstamo quedou establecida como se indica na seguinte táboa:

### **CONCEPTOS A FINANCIAR MEDIANTE OPERACIÓN DE CRÉDITO**

CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN			DESCRIPCIÓN	IMPORTE TOTAL	FINANCIAMENTO	
ORG	PROG	EC			PRÉSTAMO	RECURSOS PROPIOS
10	153.4	619.71	MELLORA ACCES. RURAL E ACTUACIÓNS EDUSI	1.700.000,00 €	1.400.000,00 €	300.000,00 €
<b>TOTAL PRÉSTAMO 2019</b>					<b>1.400.000,00 €</b>	

❖ Para este contrato de préstamo, si ben se cita no artigo 10 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como negocio ou contrato excluído, co fin de dar cumprimento aos principios de publicidade e concorrência se establece un procedemento para a súa contratación que se recolle nos pregos correspondentes.

❖ Neste informe vaise analizar o cumprimento da normativa para a concertación deste tipo de operacións, que ven reflectida por unha banda no TRLRFL, e por outra pola resolución do 04 de xullo de 2017, da SXTePF, onde se define o principio de prudencia financeira.





❖ Segundo se regula nos artigos 52 e 53 do TRLRFL, a concertación das operacións de crédito non requirirán de autorización do órgano de tutela financeira, no caso de que se obteña un aforro neto positivo, e que de acordo coa DF 31ª da LPXE para 2013 o capital vivo non exceda do 75%, tomando como base para os cálculos a última liquidación practicada.

Así mesmo tamén se indica a competencia da Alcaldía no caso de que o importe acumulado durante o exercicio das operacións concertadas non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento en vigor.

Tendo en conta a liquidación de 2018, así como as previsións iniciais do Orzamento de 2019 os datos obtidos son os seguintes:

CALCULO AFORRO NETO CONCELLO (Liquidación 2018)	IMPORTE
DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS POR OPERACIONES CORRENTES	71.402.939,61 €
(-) OBRIGAS RECOÑECIDAS POLOS CAPS 1, 2 E 4 DE GASTOS A COMPUTAR	53.405.792,20 €
AFORRO BRUTO	17.997.147,41 €
(-) ANUALIDADE TEORICA DE AMORTIZACION, (incluída a operación proxectada)	1.933.021,81 €
<b>AFORRO NETO</b>	<b>16.064.125,60 €</b>

DATOS LIQUIDACION 2018 A NIVEL CONSOLIDADO	IMPORTE	PORCENTAJE s/ DDR
<b>75% DDR netos CAP 1 A 5 (sobre "DDR A COMPUTAR Y CONSOLIDADO")</b>	<b>53.651.592,21 €</b>	<b>75,00%</b>
<b>CAPITAL VIVO A 31 DICIEMBRE DE 2018</b>	12.103.305,47 €	16,92%
<b>operación PROXECTADA 2019</b>	1.400.000,00 €	1,96%
<b>CAPITAL VIVO INCLUIDA A PROXECTADA</b>	<b>13.503.305,47 €</b>	<b>18,88%</b>

CALCULO RECURSOS ORDINARIOS DO ORZAMENTO 2019	IMPORTE / %
PREVISIONS INICIAIS DE INGRESOS 2019 POR OPERACIÓN CORRENTES	71.183.777,33 €
% sobre os recursos ordinarios do orzamento	1,97%

Do que se deduce un **aforro neto positivo**, que o importe do **capital vivo** a 31 de decembro de 2018 incluída a operación proxectada **non excede do 75%** dos recursos ordinarios liquidados en termos consolidados, e que a competencia para a súa concertación lle corresponde á **Alcaldía**.



❖ Por outra banda, no apartado terceiro da Resolución do 04 de xullo de 2017, se establece que o custo total máximo (CTM) da operación de endebedamento non poderá superar o custo de financiamento do estado ao prazo medio da operación (CFE) que conste na Resolución que publique mensualmente a Dirección Xeral do Tesouro ao prazo medio da operación (*entendido éste como vida media*) incrementado no diferencial que corresponda segundo o tipo de administración.


Deste xeito é necesario determinar por un lado o diferencial que corresponde e, por outro, a vida media da operación en trámite. Así:

1.- Segundo establece o Anexo 3 ao que fai referencia o artigo 3 da Resolución de 04 de xullo de 2017, da SXTePF, os diferencias máximas a aplicar sobre o custo de financiamento do estado (CFE) será de 50 puntos básicos para as EELL que cumpran as condicións de elixibilidade ao Fondo de Impulso Económico, e de 75 puntos básicos en caso contrario.

As condicións de elixibilidade son as que se establecen no artigo 50 do RD-lei 17/2014, de 26 de decembro, isto é que no momento de presentar a correspondente solicitude ao Fondo de Impulso Económico:

- a) Se cumpran os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública.
- b) que o período medio de pago a provedores non supere en mais de trinta días o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade durante os dous últimos meses previos á solicitude.
- c) e que estean ao corrente das súas obrigas de subministro de información económico-financeira.

A estes efectos terase en conta a última información publicada na Oficina Virtual das EELL na aplicación correspondente á solicitude dos Fondo de Impulso Económico, que no día de hoxe e a través da plataforma da OVELL "FFEELL Elegibilidad" ven acreditado que o Concello de Pontevedra se atopa na relación de EELL que poden solicitar a adhesión para Fondo de Impulso 2019:



A fecha de consulta: 10/05/2019. Pontevedra:  
+ Se encuentra en la relación de EELL que pueden solicitar la adhesión al FONDO IMPULSO ECONOMICO para 2019.  
+ No se encuentra en la relación de EELL que pueden solicitar la adhesión al FONDO ORDENACIÓN ART. 39.1a) para 2019.

<< Móvase



Michelena, 30; 36071-Pontevedra; 986100185

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: <https://sede.pontevedra.gal> introducindo o seguinte código seguro de verificación: DVXX3HDQRURR2BA8





Agora ben, este OXPC entende que da redacción da norma, estas condicións deben ser verificadas neste momento polo Concello, polo que se fai constar que nesta data e logo do envío da información correspondente a execución do primeiro trimestre de 2019 á OVEELL se están a cumprir a primeira e terceira condición; polo que respecta ao PMP indicar que si ben o do mes de abril se situou en **26,66 días**, o do mes de marzo foi de **33,97 días**, superior aos trinta días.

Como ven sendo tendencia que neste Concello se cumpra co PMP (*ver a evolución durante o último exercicio de 2018*), e tendo en conta que os diferenciais previstos no Anexo 3 da resolución citada teñen o carácter de máximo, á vista do antecedentes expostos se recomenda manter que o diferencial máximo aplicable sobre o **CFE será de 50 puntos básicos**, tal e como se recolle no prego de cláusulas administrativas; ao ser mais beneficioso para a facenda municipal, e responder mais adecuadamente á situación económica do Concello.

2.- En canto ao cálculo da vida media da operación, tendo en conta o **sistema lineal de amortización constante** da operación, períodos de amortización, así como os prazos da operación definidos nos pregos, esta queda calculada en 7,125 anos, é dicir **85,5 meses**.

$V \text{ Media} = \frac{\text{prazo total operación} + \text{anos de carencia} + 1}{n^\circ \text{ amortizacións anuais}}$

2

Prazo total: 12 anos

Anos de carencia: 2anos

Nº amortizacións anuais: 4

**Vida Media = 7,125 anos, é dicir 85,5 meses.**

3.- A táboa que se atopa en vigor no momento de apertura deste proceso de licitación é a publicada na resolución do 8 de maio de 2019 da DXT (BOE do 10 de maio de 2019), polo que o diferencial máximo aplicable sobre o EURIBOR a tres meses, unha vez aplicada a fórmula de interpolación, e antes da aplicación do incremento do diferencial do Anexo 3, é de **35 puntos básicos**.

4.- Consonte o anterior, as condicións que se deben cumprir para determinar que a concertación desta operación se efectúa de acordo co criterio de prudencia financeira, son:

TIPO DE REFERENCIA	LIQUIDACION XUROS	INCREMENTO DIFERENCIAL	CUSTO TOTAL MAXIMO	COMISIONS NON DISPONIBILIDADE / OUTRAS	XUROS DE DEMORA
EURIBOR 3 meses	Trimestral	50 puntos básicos	85 puntos básicos (35 + 50)	Non se establecen	Incremento máximo de dous puntos porcentuais.



❖ Por último facer mención a que respecto ao igual que o prego que rexeu a contratación da operación do préstamo de 2016, 2017 e 2018, se contempla un único criterio de selección e que ven fixado polo menor prezo ofertado.

Por último indicar que ao igual que se fixo coa operación de 2018, se opta por un sistema de amortización lineal fronte ao sistema francés que se viña empregando nos préstamos concertados polo Concello ata agora.

Informe asinado conxuntamente pola Titular do Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade, e pola Interventora Xeral do Concello de Pontevedra na data que consta na sinatura electrónica.

